

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Orde do 7 de febreiro de 2005 pola que se convocan subvencións á produción editorial para apoiar a edición de obras en galego, a tradución para o galego, e a tradución e edición noutras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego.

Unha das funcións máis importantes da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo é a promoción de obras editadas en lingua galega. Por iso, consciente da responsabilidade que lle corresponde en canto á normalización da nosa lingua, na procura de pór á disposición dos cidadáns que utilizan esta lingua con normalidade obras que abrangan todas as materias, incluídas as que teñan un mercado moi reducido.

Ao mesmo tempo correspóndelle promocionar a creación en galego, para dar posibilidades a todos aqueles escritores que se decanten por utilizar a lingua galega como medio de expresión, sobre todo en disciplinas de pouca distribución, como poesía, ensaio, etc.

Así mesmo, necesitan o apoio institucional para a súa edición os grandes proxectos editoriais, que polas súas características especiais: carácter enciclopédico, color, participación de persoal especializado na súa elaboración, traballos complementarios de investigación, de campo, etc., dan lugar a elevados custos de produción.

Outra faceta da normalización corresponde á tradución de obras escritas noutras linguas, buscando un mercado no que se atopen, na nosa lingua, obras de recoñecido prestixio, ou que pola súa importancia se considere necesaria a súa distribución en galego.

Da mesma maneira, é importante a difusión noutros mercados de obras dos nosos creadores, polo que se promoven axudas para a tradución e edición noutras linguas.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º

Convócanse subvencións á produción editorial para apoiar a edición en galego, a tradución para o galego e a tradución e edición noutras linguas de obras escritas orixinariamente en galego.

As subvencións concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 10.02.352.A.770.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, por un importe de setecentos setenta e oito mil euros (778.000 €), e a cantidade de douscentos setenta e dous mil euros (272.000 €) para o ano 2006.

Estas subvencións son compatibles con outras axudas ou subvencións outorgadas por outras adminis-

traccións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais sempre que o importe total que vaia percibir o beneficiario non supere a porcentaxe máxima do investimento subvencionable.

Artigo 2º

1. Poderán optar a estas subvencións todas aquelas entidades que acrediten a súa condición de editores, coas limitacións que establecen os puntos 5 e 6 do artigo 3º.

2. Non as poderán solicitar aqueles editores que anteriormente recibisen algunha outra subvención da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e non xustificasen o seu investimento ou incumprisen algunha das condicións ou obrigas estipuladas.

Artigo 3º

Os editores que desexen acollerse aos beneficios desta orde elevarán unha petición dentro dos prazos establecidos nas correspondentes bases específicas, por medio dunha instancia dirixida ao conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, segundo os modelos que figuran como anexos desta orde, e presentarana no rexistro xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo ou nas delegacións provinciais desta, sen prexuízo do establecido no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Presentarase unha solicitude por cada obra, á que se xuntará a documentación indicada nas bases específicas para a concesión das subvencións, así como a seguinte documentación xeral, que só se presentará unha vez, no caso de varias solicitudes da mesma editorial:

1º Fotocopia do NIF.

2º Acreditación da personalidade do solicitante e da súa representación, mediante fotocopia da escritura pública de constitución ou modificación, de ser o caso, da sociedade, e do poder notarial correspondente, ambos os dous documentos debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no rexistro que corresponda, de non ser sociedade mercantil.

3º Fotocopia do último recibo do imposto de actividades económicas, ou certificado de exención, se procede.

4º Certificación orixinal da conta bancaria onde conste como titular a empresa solicitante.

5º Catálogo actualizado da produción realizada pola editorial.

6º Certificado asinado polo presidente ou director da editorial de ter publicados un mínimo de 10 títulos en galego durante os dous últimos anos ou, no seu caso, plan de edición da editorial para o período 2005-2008. Quedan excluídos desta obriga as empresas que editan grandes obras e as radicadas fóra de Galicia.

7º Declaración responsable das subvencións solicitadas e/ou percibidas polas obras presentadas.

A documentación relacionada nos puntos 1º e 2º poderá substituírse por unha certificación actualizada de figurar inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, a documentación relacionada nos puntos 1º e 2º poderá substituírse por unha declaración do presidente ou director da editorial en que se faga constar que esta documentación se atopa plenamente vixente con respecto á presentada para este mesmo fin en convocatorias de anos anteriores.

A Dirección Xeral de Promoción Cultural poderá pedir-lles aos solicitantes que acheguen a documentación complementaria ou orixinais que considere necesaria para acreditar os datos que figuran na solicitude, incluídos albarás, facturas, certificados de tiraxe e de distribución, etc.

Os beneficiarios das subvencións terán a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 4º

Recibidas as solicitudes de subvención e a súa documentación serán analizadas e valoradas por unha comisión presidida polo subdirector xeral de Promoción Cultural, do Libro e Bibliotecas e composta polo xefe do Servizo do Libro e Bibliotecas, a xefa do Servizo de Estudos e Publicacións e un funcionario que actuará como secretario segundo os criterios de valoración establecidos no artigo 5º que a través da Dirección Xeral de Promoción Cultural elevará a correspondente proposta ao conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, quen resolverá dentro das dispoñibilidades orzamentarias.

No suposto de que non recaese resolución expresa dentro do prazo máximo previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o sentido do silencio será negativo.

Artigo 5

Na valoración das solicitudes teranse en conta os seguintes aspectos:

- Calidade da obra.
- Calidade das obras contidas no catálogo.
- Importancia do fondo editorial en galego ou relacionado con Galicia do editor solicitante.
- Esfuerzo que supón para o editor a incidencia da obra en ámbitos de especial importancia cultural, pero de pouca demanda comercial.
- Grao de profesionalización dentro do sector editorial galego.
- Continuidade dentro dunha colección.
- Interese xeral da obra.
- Interese da obra para as bibliotecas públicas.
- Currículo do tradutor.

Artigo 6º

1. A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo comunicarlles a resolución do conselleiro aos beneficiarios das axudas. Se no prazo de 15 días naturais tras a data de recepción desta resolución as entidades beneficiarias non renunciaren expresamente e por escrito á citada axuda entenderase que esta queda aceptada. As subvencións concedidas ao abeiro do artigo 9º considéranse aceptadas coa entrega dos exemplares equivalentes á subvención concedida.

2. Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a xustificalas segundo se indica nas bases específicas para a concesión das subvencións, así como a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidos e non poderán solicitar cambios para outros proxectos. A Dirección Xeral de Promoción Cultural da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos subvencionados.

3. Recibidos os exemplares e a documentación á que se fai referencia nas bases específicas para a concesión das subvencións, a Dirección Xeral de Promoción Cultural, de atopalos conformes, proporá o libramento dos fondos, de acordo co calendario sinalado nas ditas bases e a normativa orzamentaria vixente.

4. O libramento do importe da subvención, mesmo nos dous prazos das plurianualidades, realizarase de acordo coa normativa orzamentaria aplicable, esixíndose certificacións expresas orixinais e actualizadas de non ter contraída ningunha débeda, por ningún concepto, coa Xunta de Galicia, e de estar ao corrente nas obrigas fiscais e coa Seguridade Social.

Artigo 7º

No caso de que o beneficiario da subvención incumprise algunha das condicións ou obrigas estipuladas, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo instruirá expediente de reintegro ou sancionador segundo establece o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 8º

Contra os ditos actos resolutivos, que esgotan a vía administrativa, poderá o interesado interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a recepción da notificación da resolución ou, potestativamente interpoñer, no prazo dun mes desde a

recepción da resolución, recurso de reposición diante do conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Capítulo II

Bases específicas para a concesión das subvencións

Artigo 9º.-Subvencións a obras xa editadas en lingua galega.

1. As obras deberán estar publicadas en galego segundo a lexislación vixente.

2. A contía de cada subvención, non poderá superar a cantidade de 2.900 (dous mil novecentos) euros por libro, e consistirá no equivalente ao 75% do prezo de venda ao público (IVE incluído), dun máximo de 300 exemplares. Para os libros de lectura infantil e xuvenil ata un límite de 400 exemplares.

3. As solicitudes poderán presentarse a partir do día seguinte da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e ata o 30 de maio de 2005.

4. A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, á vista do número de solicitudes presentadas e das disponibilidades orzamentarias, irá facendo sucesivas resolucións, ata o remate do prazo de presentación de solicitudes.

5. Ademais da documentación solicitada no artigo 3º desta orde, deberase presentar:

-Fotocopia compulsada do contrato asinado co autor que respectará o establecido na Lei de propiedade intelectual, ou ben xustificante de ter os dereitos para a publicación da obra.

-Un exemplar da obra editada para a que se solicita subvención.

6. Para que un libro poida optar a estas subvencións terá que cumprir as seguintes condicións:

-Ter como mínimo 50 (cincuenta) páxinas, agás os libros infantís.

-Ter unha tiraxe mínima de 800 exemplares e máxima de 3.000.

-Posuír o número de ISBN e o do depósito legal definitivo, e tamén debe estar feito o depósito de exemplares considerado no Decreto 43/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de depósito legal. O depósito legal terá data posterior ao 30 de xuño de 2004.

7. Non poderán acollerse ás subvencións desta orde:

-As publicacións destinadas a uso escolar, ben como libro de texto, ben como material complementario.

-As que non sexan primeiras edicións, a non ser que estas conteñan estudos que acheguen novidades substanciais.

-As publicacións de difusión gratuíta.

-As que carezan de contrato de dereitos de autor.

-As que teñan un prezo de venda ao público (incluído IVE) superior a 36 euros.

8. Para xustificar as subvencións deberán entregarse, nun prazo de quince días naturais contados a partir da comunicación da resolución, os exemplares equivalentes á subvención concedida.

Artigo 10º.-Subvencións para editar en lingua galega grandes proxectos editoriais.

1. Estas subvencións terán carácter plurianual, pagándose o 20% no ano 2005 e o 80% restante en 2006.

Estes pagamentos serán garantidos con aval de acordo coa normativa vixente en materia de subvencións.

2. As obras para subvencionar publicaranse en galego segundo a lexislación vixente.

3. As solicitudes deberán presentarse no prazo de 40 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

4. Ademais da documentación solicitada no artigo 3º desta orde, presentarase:

-Calendario de investimentos para desenvolver cada proxecto editorial.

-Características técnicas e memoria explicativa do proxecto de edición.

-Contrato que a editorial asinaría co autor ou autores da obra e que respectará o establecido na Lei de propiedade intelectual.

-Previsión de tiraxe e prezo de venda ao público (IVE incluído).

5. O importe de cada subvención establecerase, de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria, ata un máximo de 60.000 euros, nunha cantidade equivalente a un máximo do 75% do prezo de venda ao público para un máximo de 500 exemplares. A contía fixada na resolución poderá ser revisada á baixa polo órgano responsable da concesión da axuda, se o prezo de venda ao público non concordase co inicialmente declarado na solicitude.

6. Os beneficiarios farán constar na páxina de créditos de cada un dos exemplares da tirada o seguinte texto: «Esta obra foi subvencionada pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, na convocatoria de subvencións para o ano 2005».

7. A contía correspondente á primeira anualidade librarase antes do 1 de novembro de 2005, tras a aceptación da subvención por parte do beneficiario e entrega da fotocopia compulsada do contrato co autor ou autores, debidamente asinado por ambas as partes. Para o pagamento da segunda anualidade deberá presentarse, antes do 1 de novembro de 2006, o correspondente número de exemplares da obra subvencionada.

Artigo 11º.-Subvencións para a tradución de obras escritas e publicadas orixinariamente en lingua distinta do galego.

1. Estas subvencións terán carácter plurianual o 20% da subvención pagarase no ano 2005 e o 80% restante no ano 2006.

Estes pagamentos serán garantidos con aval de acordo coa normativa vixente en materia de subvencións.

2. As obras publicaranse en galego segundo a lexislación vixente.

3. As solicitudes deberán presentarse no prazo de 40 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

4. Ademais da documentación solicitada no artigo 3º desta orde, deberáse presentar:

-Calendario de investimentos para desenvolver cada proxecto editorial.

-Modelo de contrato que a editorial asinaría co tradutor da obra e que respectará o establecido na Lei de propiedade intelectual, no que debe constar o importe da tradución.

-Un exemplar completo da obra que se vai traducir.

-Xustificante de ter os dereitos precisos para a publicación da obra.

-Currículo do tradutor.

5. A subvención consistirá no pagamento dunha porcentaxe da tradución que pode ir do 50% ao 75% do importe fixado no contrato do tradutor, sen superar en ningún caso os 6.000 euros.

6. Os beneficiarios farán constar na páxina de créditos de cada un dos exemplares da tirada o seguinte texto: «Esta obra foi subvencionada pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, na convocatoria de subvencións para o ano 2005».

7. A contía correspondente á primeira anualidade librarase antes do 1 de novembro de 2005, tras a aceptación da subvención por parte do beneficiario e fotocopia compulsada do contrato asinado co tradutor. Para o pagamento da segunda anualidade deberá presentarse, antes do 1 de novembro de 2006, o xustificante do pagamento realizado ao tradutor así como 5 exemplares da tradución editada.

Artigo 12º.Subvencións para a tradución e edición noutras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego.

1. Estas subvencións terán carácter plurianual: o 20% da subvención pagarase no ano 2005 e o 80% restante no ano 2006.

Estes pagamentos serán garantidos con aval de acordo coa normativa vixente en materia de subvencións.

2. As solicitudes deberán presentarse no prazo de 40 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Ademais da documentación solicitada no artigo 3º desta orde, deberáse presentar:

-Calendario de investimentos para cada proxecto editorial.

-Modelo de contrato que a editorial asinaría co tradutor da obra e que respectará o establecido na Lei de propiedade intelectual, no que debe constar o importe da tradución.

-Un exemplar da obra para a que se solicita a subvención, con indicación do idioma para o que vai ser traducida.

-Xustificante de ter os dereitos precisos para a publicación da obra.

-Currículo do tradutor.

4. A contía de cada subvención será de 20 a 30 (vinte a trinta) euros por páxina para as obras que se vaian editar en linguas da Península Ibérica, e de 25 a 50 (vinte e cinco a cincuenta) euros por páxina para as obras que se editen noutras linguas do mundo, ata un máximo, en todos os casos de 6.000 (seis mil) euros por obra. Tómase como páxina tipo a de 1.800 caracteres e para a realización do cómputo utilizarase o libro editado en galego.

5. As solicitudes deberán presentarse en prazo de 40 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

6. Os beneficiarios farán constar na páxina de créditos de cada un dos exemplares da tirada o seguinte texto na lingua de destino: «Esta obra foi subvencionada pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, na convocatoria de subvencións para o ano 2005».

7. A contía correspondente á primeira anualidade librarase antes do 1 de novembro de 2005, tras a aceptación por parte do beneficiario e entrega da fotocopia compulsada do contrato asinado co tradutor. Para o pagamento da segunda anualidade deberá presentarse, antes do 1 de novembro de 2006, o xustificante do pagamento realizado ao tradutor, así como 15 exemplares da obra editada.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a directora xeral de Promoción Cultural para dítar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2005.

Jesús Pérez Varela

Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS Á PRODUCCIÓN EDITORIAL PARA OBRAS XA EDITADAS EN LINGUA GALEGA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CJ221A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

EMPRESA / ENTIDADE		CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E, na súa representación:

APELIDOS	NOME	NIF
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS BANCARIOS

ORDINAL BANCARIO	CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	

TÍTULO DA OBRA			
AUTOR			
TIRAXE	<input type="checkbox"/> INFANTIL E XUVENIL	<input type="checkbox"/> OUTROS	PREZO DE VENDA Ó PÚBLICO (IVE INCLUIDO)

<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO NIF.	<input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE FIGURAR INSCRITO NO REXISTRO XERAL DE CONTRATISTAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.
<input type="checkbox"/> DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA REPRESENTACIÓN QUE TEÑA O SOLICITANTE E PODER NOTARIAL.	<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE DOCUMENTACIÓN VIXENTE.
<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO ÚLTIMO RECIBO DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS OU CERTIFICADO DE EXENCIÓN.	<input type="checkbox"/> CONSTANCIA DOCUMENTAL DA EXISTENCIA DE CONTRATO COA SINATURA DO AUTOR OU XUSTIFICANTE DE TER OS DEREITOS PARA A PUBLICACIÓN DA OBRA.
<input type="checkbox"/> CERTIFICADO BANCARIO.	<input type="checkbox"/> EXEMPLAR COMPLETO DA OBRA EDITADA.
<input type="checkbox"/> CATÁLOGO ACTUALIZADO DA PRODUCCIÓN REALIZADA POLA EDITORIAL E ACREDITACIÓN DE ACTIVIDADE MÍNIMA DE DOUS ANOS OU, SE É O CASO, PLAN DE EDICIÓN DA EDITORIAL PARA O PERÍODO 2005-2008.	
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS SUBVENCIÓNS SOLICITADAS E/OU PERCIBIDAS POLAS OBRAS PRESENTADAS.	

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. - Orde do 7 de febreiro de 2005 pola que se convocan subvencións á produción editorial para apoiar a edición de obras en galego, a tradución para o galego, e a tradución e edición noutras linguas de obras publicadas orixinalmente en galego. - Lei de orzamentos xerais para o ano 2005.
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA
. de . de

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

Conseleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA,
 COMUNICACIÓN SOCIAL Y TURISMO

PROCEDIMIENTO SUBVENCIONES A LA PRODUCCIÓN EDITORIAL PARA EDITAR EN LENGUA GALLEGA GRANDES PROYECTOS EDITORIALES	CÓDIGO DEL PROCEDIMIENTO CJ221B	DOCUMENTO SOLICITUD
--	---	-------------------------------

DATOS DEL/DE LA SOLICITANTE

EMPRESA / ENTIDAD		CIF	
DIRECCIÓN		LOCALIDAD	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

Y, en su representación:

APELLIDOS	NOMBRE	NIF
DIRECCIÓN		LOCALIDAD
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS BANCARIOS

ORDINAL BANCARIO	CÓDIGO DEL BANCO	CÓDIGO DE LA SUCURSAL	CÓDIGO DE LA CUENTA CORRIENTE
NOMBRE DE LA ENTIDAD		DIRECCIÓN (CALLE Y NÚMERO)	
LOCALIDAD	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	

TÍTULO DE LA OBRA	
AUTOR	
PREVISIÓN DE TIRADA	PRECIO DE VENTA AL PÚBLICO (IVA INCLUIDO)

<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DEL NIF. <input type="checkbox"/> DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DE LA REPRESENTACIÓN QUE TENGA EL SOLICITANTE Y PODER NOTARIAL. <input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DEL ÚLTIMO RECIBO DEL IMPUESTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS O CERTIFICADO DE EXENCIÓN. <input type="checkbox"/> CERTIFICADO BANCARIO. <input type="checkbox"/> CATÁLOGO DE LA PRODUCCIÓN REALIZADA POR LA EDITORIAL. <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN RESPONSABLE DE LAS SUBVENCIONES SOLICITADAS Y/O PERCIBIDAS POR LAS OBRAS PRESENTADAS.	<input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE FIGURAR INSCRITO EN EL REGISTRO GENERAL DE CONTRATISTAS DE LA COMUNIDAD AUTÓNOMA DE GALICIA. <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE DOCUMENTACIÓN VIGENTE. <input type="checkbox"/> CALENDARIO DE INVERSIONES. <input type="checkbox"/> MODELO DE CONTRATO QUE SE FIRMARÍA CON EL AUTOR. <input type="checkbox"/> CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS Y MEMORIA EXPLICATIVA DEL PROYECTO DE EDICIÓN.
--	--

LEGISLACIÓN APLICABLE - Ley 30/1992, de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común. - Orden de 7 de febrero de 2005 por la que se convocan subvenciones a la producción editorial para apoyar la edición de obras en gallego, la traducción al gallego y la traducción y edición en otras lenguas de obras publicadas originariamente en gallego. - Ley de presupuestos generales para el año 2005.
FIRMA DEL/DE LA SOLICITANTE O PERSONA QUE LO/LA REPRESENTA
_____ de _____ de _____

(A rellenar por la Administración)	
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO Y CONFORME	FECHA DE ENTRADA
	FECHA DE EFECTOS
	FECHA DE SALIDA

. Conselleiro de Cultura, Comunicación Social y Turismo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS Á PRODUCCIÓN EDITORIAL PARA A TRADUCIÓN DE OBRAS ESCRITAS E PUBLICADAS ORIXINARIAMENTE EN LINGUA DISTINTA DO GALEGO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CJ221C	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

EMPRESA / ENTIDADE		CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E, na súa representación:

APELIDOS	NOME	NIF
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS BANCARIOS

ORDINAL BANCARIO	CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	

TÍTULO DA OBRA	IDIOMA ORIXINAL
AUTOR	
TRADUTOR	CUSTO DA TRADUCIÓN

- | | |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO NIF.
<input type="checkbox"/> DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA REPRESENTACIÓN QUE TEÑA O SOLICITANTE E PODER NOTARIAL.
<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO ÚLTIMO RECIBO DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS, OU CERTIFICADO DE EXENCIÓN.
<input type="checkbox"/> CERTIFICADO BANCARIO.
<input type="checkbox"/> CATÁLOGO ACTUALIZADO DA PRODUCCIÓN REALIZADA POLA EDITORIAL E ACREDITACIÓN DE ACTIVIDADE MÍNIMA DE DOUS ANOS OU, NO SEU CASO, PLAN DE EDICIÓN DA EDITORIAL PARA O PERÍODO 2005-2008.
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS SUBVENCIÓNS SOLICITADAS E/OU PERCIBIDAS POLAS OBRAS PRESENTADAS.
<input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE FIGURAR INSCRITO NO REXISTRO XERAL DE CONTRATISTAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. | <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE DOCUMENTACIÓN VIXENTE.
<input type="checkbox"/> CALENDARIO DE INVESTIMENTOS.
<input type="checkbox"/> MODELO DE CONTRATO QUE SE ASINARÍA CO TRADUTOR, NO QUE CONSTE O IMPORTE DA TRADUCIÓN.
<input type="checkbox"/> EXEMPLAR COMPLETO DA OBRA QUE SE VAI TRADUCIR.
<input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE TER OS DEREITOS PRECISOS PARA A SÚA PUBLICACIÓN.
<input type="checkbox"/> CURRÍCULUM DO TRADUTOR. |
|--|---|

LEXISLACIÓN APLICABLE - Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. - Orde do 7 de febreiro de 2005 pola que se convocan subvencións á produción editorial para apoiar a edición de obras en galego, a tradución para o galego, e a tradución e edición noutras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego. - Lei de orzamentos xerais para o ano 2005.
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA _____ de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS Á PRODUCCIÓN EDITORIAL PARA EDITAR NOUTRAS LINGUAS OBRAS PUBLICADAS ORIXINARIAMENTE EN GALEGO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CJ221D	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

EMPRESA / ENTIDADE		CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E, na súa representación:

APELIDOS	NOME	NIF
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS BANCARIOS

ORDINAL BANCARIO	CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	

TÍTULO DA OBRA	IDIOMA AO QUE SE VAI TRADUCIR	
AUTOR		
CUSTO DA EDICIÓN	CUSTO DA TRADUCCIÓN	Nº DE MATRICES

<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO NIF. <input type="checkbox"/> DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA REPRESENTACIÓN QUE TEÑA O SOLICITANTE E PODER NOTARIAL. <input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO ÚLTIMO RECIBO DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS OU CERTIFICADO DE EXENCIÓN. <input type="checkbox"/> CERTIFICADO BANCARIO. <input type="checkbox"/> CATÁLOGO ACTUALIZADO DA PRODUCCIÓN REALIZADA POLA EDITORIAL. <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS SUBVENCIÓNS SOLICITADAS E/OU PERCIBIDAS POLAS OBRAS PRESENTADAS <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE DOCUMENTACIÓN VIXENTE.	<input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE FIGURAR INSCRITO NO REXISTRO XERAL DE CONTRATISTAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. <input type="checkbox"/> MODELO DO CONTRATO QUE A EDITORIAL ASINARÍA CO TRADUTOR DA OBRA NO QUE CONSTE O IMPORTE DA TRADUCCIÓN <input type="checkbox"/> CALENDARIO DE INVESTIMENTOS. <input type="checkbox"/> EXEMPLAR DA OBRA QUE SE VAI TRADUCIR. <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE TER OS DEREITOS PRECISOS PARA A SÚA PUBLICACIÓN. <input type="checkbox"/> CURRÍCULUM DO TRADUTOR.
---	---

LEXISLACIÓN APLICABLE - Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. - Orde do 7 de febreiro de 2005 pola que se convocan subvencións á produción editorial para apoiar a edición de obras en galego, a tradución para o galego, e a tradución e edición noutras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego. - Lei de orzamentos xerais para o ano 2005.
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA _____ de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

Conseleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo